

Escola

Infantil

Escola Infantil

Breogán



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES
E FORMACIÓN CONTINUA



Escola Infantil Breogán

Benqueridas/os nais/pais,

A dirección, no seu nome e no de todo o equipo da Escola Infantil Breogán, davos a benvida a todas as familias dos nosos nenos e nenas.

Queremos transmitirvos unha primeira información previa ao inicio do curso, así como convocarvos á reunión de presentación que terá lugar o día **1 de setembro ás 18:00 h** na escola e que, por aula, se vos trasladará toda a información necesaria e resolverán as dúbidas ou inquiredanzas que teñades. Esta reunión celébrase sen nenos/as.

Neste momento, cumpre de todos modos que, de cara a poder organizarvos tamén vos, teñades algunhas referencias importantes en relación ao período de adaptación dos vosos nenos e nenas cara o inicio do curso. Así, neste pequeno documento, o equipo educativo do centro explícaos a importancia deste período, se vos informa das Normas Internas de funcionamento así como da Normativa Pediátrica, elaborada pola propia Asesoría Pediátrica.

Recordade:

O primeiro día de setembro non se reciben nenos/as, as educadoras dedícaranse á preparación e organización das clases, e ese mesmo día, 1 de setembro, as 18:00h. reuniranse, por aulas, con todos vos.



Presentación

A primeira semana de setembro só se recibirán os nenos que estiveron no centro o ano anterior, para que se vaian adaptado á nova educadora e á clase.

As/os nenas/os novas/os empezarán dun xeito escalonado que será acordado con vos a través do persoal educativo responsable da clase, sendo as que fixe as datas e pautas en función da súa adaptación na aula.

Os/as nenos/as novos/as que dispoñan de praza de comedor non a utilizarán desde o primeiro día, senón que será, igualmente, a educadora da clase a que fixe unha data en función da súa adaptación na aula.

Breves referencias do Período de adaptación:

As primeiras semanas de setembro a escola irá paulatinamente incorporando aos nenos e nenas segundo o seu propio ritmo, e, por suposto, como sempre, será fundamental a vosa colaboración. O equipo educativo quere indicaros tamén que sempre que sexa posible, é aconsellable que a persoa que acompañe ao neno ou á nena á escola sexa a mesma no seu período de adaptación. É por todo isto que facemos que cada neno se incorpore no grupo un a un, primeiro coa súa nai ou pai, e pouco a pouco, para reforzar a vosa volta; o primeiro día media hora e sempre con vos, o segundo día un pouquiño mais, alongándolle o tempo da estada xa só, ata que faga o horario normal cando o vexa a educadora a cargo da clase. Os nenos que ademais queden a xantar, tamén se lles dará un tempo para adaptarse ao comedor e a sesta. Sabemos que isto supón tamén para vos un esforzo importante que require unha organización excepcional dos vosos tempos máis este proceso de adaptación é algo que o neno/a ten que elaborar, pero acompañado por nos, nais, pais



e educadores/as sendo conscientes de que non lle podemos evitar o conflito nin a mágoa pero debemos conseguir que o superen e lograr así a súa confianza e seguridade.

Convidámosvos a camiñar xuntos, e nese senso, gustaríame trasladaros o pracer que será para todo o equipo educativo, atendervos cando o consideres necesario co fin de aclarar calquera cuestión sobre a educación e coidado que os vosos fillos e fillas reciben na escola e/ou fora da mesma. Tamén será unha satisfacción para elas poder contar coa vosa dispoñibilidade nesta etapa educativa da que vos sodes a peza fundamental.

Co desexo de que a vosa satisfacción coa nosa escola sexa a maior posible, recibide un cordial saúdo e benvidos de novo.

En Santiago de Compostela a 15 de xuño de 2011

Asdo: Cristina Abeal
Directora Escola Infantil Breogán



A Escola Infantil Breogán naceu no ano 1978 por iniciativa dun grupo de pais e nais, profesores, estudantes e PAS da USC que acadaron das autoridades académicas a cesión duns locais no pavillón central do Burgo das Nacións, así como a distribución interior con paneis de madeira, enmoquetado, equipamento de mesas, cadeiras e unha pequena dotación para material didáctico. A titularidade da Escola e a súa xestión levouse por unha Asociación de Pais que elaborou o primeiro Regulamento de Réxime Interno polo que se rexeu, dependendo o persoal do Convenio do Ensino privado.

A Escola funcionou o primeiro ano con 25 nenas e nenos de 9 meses a 6 anos e unha dotación de persoal de 1 mestra-directora, 3 educadoras e unha cociñeira, nun horario de 8 a 20 horas, con servizo de comedor e autobús.

Nos anos seguintes incrementouse o número de nenas e nenos, funcionando 7 aulas, de 3 meses a 5 anos, con 2 mestres, 5 educadoras e unha auxiliar de 8 a 10 e de 18 a 20 h.

En xuño do ano 1985 a Xunta de Goberno aprobou a integración da Escola como Servizo da USC, pasando as traballadoras do centro a formar parte do cadro de persoal laboral nos grupos II as mestras, no III as educadoras e a auxiliar, que pasa a educadora, e no 4º a cociñeira, e libérase á directora de clases.

Durante o curso 86-87, incrementábase o cadro de persoal con 4 auxiliares novos, en horario de 8 a 15h. e de 13 a 20 h.

No ano 1988 debido á construción do Auditorio de Galicia habilitouse o actual edificio que agora ocupamos.

En 1992 aprobouse en Xunta de Goberno o actual Regulamento de Réxime Interno e redúcense as idades dos nenos, de 0 a 4 anos.

A Escola está situada no Campus Sur da USC, rodeada de facultades, servizos e instalacións deportivas da USC e grandes zonas verdes con moitas especies arbóreas.





Liñas pedagóxicas

Rasgos de identidade da escola infantil Breogan

Pluralismo ideolóxico e valores democráticos

A Escola Infantil é aconfesional, respectando as crenzas das familias.

Non se fai ningunha discriminación por razóns de sexo, cultura, etnia, ideoloxía, relixión ou discapacidade.

Língua

A Escola Infantil introducirá aos nenos e nenas na realidade social e cultural galegas, para iso proporcionará, ao seu nivel, os medios necesarios para que todos e todas se integren nesa realidade.

Para tódalas comunicacións por escrito empregase o galego. Para a expresión respectase a lingua materna dos nenos, e nenas e as educadoras utilizarán indistintamente e con naturalidade ámbalas dúas linguas nas distintas actividades.

Coeducación

A Escola ofrece unha igualdade de oportunidades sen discriminación por razón de sexo, poñendo a



disposición de ambos as mesmas oportunidades de aprendizaxe. A Coeducación é un proceso intencionado de intervención, partindo das diferencias para poder lograr unha equivalencia e unha equipotencia. Significa, como alternativa ao sexismo e á violencia, un Compromiso ético para chegar á equivalencia dos sexos entendida como igualdade de dereitos e de deberes, de trato e de oportunidades.

Líña pedagóxica

Respectase o proceso individual de desenvolvemento de cada neno e nena. Por este motivo a

entrada na escola prográmase de forma gradual, paulatina e crecente, para conseguir un clima de seguridade e tranquilidade.

Durante estes primeiros anos dos nenos e nenas consideramos fundamental o contacto constante coas familias, establecendo ao máximo os canles de comunicación e diálogo, para garantir unha estancia tranquila e segura dos nenos e nenas na nosa escola.

Para que cada neno e nena poida satisfacer as súas necesidades individuais e de relación con outros nenos e nenas e adultos, a escola potencia



un ambiente acoledor e tranquilo, de seguridade, que posibilite o trato individual.

A chave do desenvolvemento do ser humano entre 0 e 3 anos está no coidado e na atención de necesidades básicas: a hixiene, o descanso, a alimentación e a afectividade, son a base das actividades que de cotío se desenvolven na Escola. As rutinas cotiás son o eixo vertebrador da Escola, son as que proporcionan seguridade ós nenos e nenas, posibilitánlles a adquisición dunha regularidade e dun ritmo na súa vida diaria. En torno a estas actividades rutineiras prodúcense unha

serie de situacións e interaccións que axudarán a nenas e nenos adquirir novas aprendizaxes, novos hábitos, en camiño para a adquisición dunha autonomía persoal.

Nestas primeiras idades os coñecementos adquirense de forma globalizada. Por iso a Escola programa as súas actividades tendo en conta o aspecto cognitivo afectivo, social e comunicativo dos nenos e nenas. Xa que a actividade natural do neno/a é o xogo, é a través deste que se lle facilita manipular, experimentar, preguntar, dialogar e entender o mundo que lle rodea.

A escola pon a disposición dos nenos e as nenas unha multiplicidade de recursos: materiais diferenciados, aulas amplas, espazo múltiple interior e exterior, saídas, festas, que lle estimulan a súa curiosidade.

O Equipo desta Escola propón, na medida das posibilidades das idades, a saída e coñecemento do entorno, excursións as pistas deportivas, actividades culturais do concello, ó museo de Ciencias Naturais, na facultade de Química, Centro Galego de Arte Contemporáneo, Piscina etc., e celebración das festas de Nadal, Antroido e fin de Curso.

Obxectivos

Satisfacer as necesidades básicas dos nenos e nenas: alimentación, hixiene, descanso e relación afectiva.

Respectar as características propias de cada neno e nana e posibilitar o desenvolvemento de todas as súas capacidades (cognitivas, afectivas, motrices, comunicativas e de comprensión).

Crear un ambiente propicio con recursos e actitudes que favoreza que os nenos e nenas se podan desenvolver en toda a súa globalidade.

Potenciar a comunicación ou diálogo entre as

familias e a Escola coa finalidade de favorecer o proceso educativo.

Traballar en equipo, reflexionando, facendo análises e valoración sobre a tarefa educativa no marco dunha formación permanente.

Papel do/a educador/a ou mestre responsable de grupo

É importante a actitude do/a educador/a como modelo transmisor de valores e da cultura, xa que represente un punto de referencia afectiva para os nenos e nenas.

O educador/a ten que ser capaz de organizar, anticipar, observar, proporcionar e intervir.

Tamén se valora a tolerancia, poder atender e entender ás familias e aos compañeiros e compañeiras á hora de traballar en equipo.

Estas cualidades permitiránlle adaptarse, establecer prioridades e modificar, si é necesario, as situacións tanto individuais como do grupo-clase.

A Escola esta formada por un grupo de educadoras e educadores que valora o traballo en equipo para mellorar a calidade de educación do centro.



Período de adaptación

A chegada dos nenos e nenas á Escola Infantil é un grande acontecemento no seu proceso de desenvolvemento, polo que cremos que é moi importante poñerse de acordo pais e educadores para axudar a que esta adaptación sexa positiva. O mundo afectivo é o motor esencial do seu desenvolvemento emocional, social e intelectual polo que o período de adaptación é un proceso no que o/a neno/a vai elaborando, emocionalmente, a perda e a ganancia que lle supón esa separación, ata chegar a unha aceptación da mesma.

A entrada na escola supón a primeira separación da familia e é moi importante a maneira de superala porque, se vive isto ben, axudarálle a resolver futuras situacións (entrada na escola primaria, a súa relación con persoas descoñecidas, etc.). Para o/a neno/a é a perda dun lugar definido, onde ten un espazo seguro e coñecido, cunhas persoas que están exclusivamente dedicadas a el/ela, e chegar a un lugar onde hai que compartir todo con outros nenos/as, os obxectos, o espazo, o educador/a, etc.


Por outra banda como aínda non ten moi claro os referentes espazo-temporais, faille sentir as se-

paracións como perda “para sempre” e terá sentimentos de abandono, mentres non reforce día a día que “papá ou mamá” volven a buscalo/a. “Aparentemente” os bebés son os que máis acusan a entrada na escola, pero só aparentemente, xa que dormen menos ou intranquilos, perden peso, sofren diarreas ou estrinximento, maior apego a nai, etc. Os nenos de 1 a 3 anos acusan o cambio cunha maior rebeldía, aínda que pode darse o caso de nenos/as que teñen moi boa aceptación os primeiros días ante a novidade dos xoguetes, os nenos/as, novos espazos, pero despois da primeira semana valoran os problemas de convivencia e competencia e prefiren a situación de privilexio que teñen na casa.

O proceso de adaptación é por tanto, algo que o neno/a fai, e algo que ten que elaborar, pero acompañado por nos, nais, pais e educadores/as pero sendo conscientes de que non lle podemos evitar o conflito nin a mágoa.

As nosas primeiras relacións co neno/a serán de acollida e respecto. Achegarémonos a el/ela pouco a pouco, pero nunca forzaremos o seu proceso. Comprendemos que a súa posible rebeldía e ás veces actitudes violentas para con nós non





é unha agresión a nosa persoa, senón unha protesta á situación que o separou da súa familia. Entendemos que nesta separación existen sentimentos de pena, dúbidas, temores, etc., pero debemos conseguir que os superen e lograr a súa confianza e seguridade.

Vos, tamén tedes que adaptaros a unha nova situación, polo que pedimos que preguntedes tódalas dúbidas que podades ter sobre o funcionamento da escola.

Nos, por outra banda, intentaremos saber “todo” sobre a/o vosa/a nena/o, para darlle seguridade e confianza e que viva esta nova situación positivamente.

É por todo isto que facemos que cada neno se incorpore no grupo un a un, primeiro coa súa nai ou pai, e pouco a pouco, para reforzar a vosa volta; o primeiro día media hora e sempre con vos, o segundo día un pouquiño mais, alongándolle o tempo da estadía xa só, ata que faga o horario normal cando a vexa a educadora a cargo da clase. Os nenos que ademais queden a xantar, tamén se lles dará un tempo para adaptarse ó comedor e a sesta.

**NA XUNTANZA DO DÍA 1
EXPLICARASE POLO MIUDO
TODO O RELATIVO AO PERÍODO
DE ADAPTACIÓN.**

**RECORDATORIO:
AS XUNTANZAS POR AULAS SERÁN
O DÍA 1 DE SETEMBRO ÁS 18:00H
(AS XUNTANZAS SERÁN
SEN NENOS/AS)**



Normas de funcionamento interno

A Escola Infantil Breogán estará aberta durante todo o ano en horario de 8 da mañá a 8 da tarde, agás o mes de agosto que o centro permanecerá pechado. Durante o período de vacacións de Semana Santa e Nadal (período comprendido entre Noiteboa e Reis) o horario do centro será de 9:00 h a 15:00 horas.

Durante o mes de xullo axustarase o horario para garantir o cumprimento da xornada do persoal laboral no dito mes, que segundo o Artigo 43º do actual Convenio Colectivo do Persoal Laboral será de 25 horas de traballo efectivo, polo que o

horario do centro nese mes será de 9:00h a 14:00h.


O primeiro día de setembro non se reciben nenos, as educadoras dedicarase á preparación e organización das clases.

Antes de rematar o curso (en abril/maio aproximadamente) a Escola publicará á convocatoria de prazas do seguinte curso. A readmisión é automática, sempre e cando os pais continúen vinculados á Universidade.

Unha vez rematado o prazo de inscrición para presentar novas solicitudes reúnese á Comisión da Escola, e no caso de existiren máis solicitudes ca prazas vacantes, estas concederanse de acordo cos baremos aprobados pola Xunta de Goberno.

En canto ao servizo de Comedor, de non poder atender a totalidade da demanda a Comisión de Escola elaborará e aprobará uns criterios de selección, que serán de público coñecemento polo usuarios.

O servizo está aberto en horario de 8 da mañá a 20:00h da tarde. Os nenos e nenas



que non gocen de praza de comedor deben recollelos do Centro antes das 14h. Non se reciben nenos de tarde ata as 15:30h. As comidas servíranse á 13.00 horas e as merendas ás 17 h. Pese a amplitude de horario da Escola Infantil Breogán, o equipo pedagóxico da escola considera que non é conveniente a permanencia dos nenos e nenas máis de 6 horas e media ao día; así mesmo, de acordo co Decreto 329/2005 do 28 de xullo (DOGA, Nº 156, do 16 de agosto de 2005) pola que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, evitarase que o neno ou nena prolongue a súa estadía no centro máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso xustificarse, o determinen.

En caso de temporal a Escola Infantil rexerase polas normas que dicte a Xunta de Galicia para os colexios públicos.

En caso de enfermidade os pais deberán avisar ao centro.

Aspectos sanitarios

Os pais e nais están na obriga de comunicar por escrito á Dirección do centro calquera tipo de

alerxia que padeza o neno ou nena; medicamentos, alimentos, ou outros que se consideren.

Con fin de evitar que a E.I. sexa un foco de posibles infeccións, os nenos e nenas non poderán acudir a ela cando padezan algún proceso infecto-contaxioso e a súa incorporación á escola precisará dun informe do seu médico.

En caso de que o neno ou nena enfermara no centro, avisaríase aos pais ou nais/titores ou titoras ou á persoa sinalada para casos de urxencia.

En caso de accidente, se non fose posible contactar coa familia, efectuaríase o seu traslado a un centro sanitario.

Cando o neno ou a nena precise que se lle administre algún medicamento, será necesario presentar a prescripción médica na que se indique a hora e dose.

Saídas do centro

Cada responsable deberá especificar quen/es serán as persoas encargadas de recoller ao/a menor, para calquera saída do centro. Non se autorizará a saída do/a menor con persoas que non estean debidamente autorizadas.



Asesoría pediátrica



Asemade, a escola dispón dunha Asesoría Pediátrica, dende a que se desenvolven ao longo do ano tanto as actividades propias da atención pediátrica os nenos e nenas destas idades, como as dirixidas ao persoal da Escola e aos pais e nais dos seus usuarios e usuarias. Concretamente, entre as tarefas que anualmente se realizan desde a Asesoría Pediátrica cabe salientar:

- Ficha de saúde para cada neno e nena.
- Confección -e modificación, se proceded das dietas apropiadas para os usuarios e usuarias do comedor da Escola, tendo en conta a súa idade.
- Charlas formativas dirixidas tanto ó persoal da Escola, como ós propios pais e nais dos nenos e nenas.
- Asesoramento relacionado con calquera cuestión da saúde individual ou colectiva dos nenos e nenas da Escola.

Normas de funcionamento interno

Para manter uns estándares sanitarios axeitados e co fin de evitar ao máximo a diseminación ou inducción de enfermidades, notificámoslles as directrices máis importantes polas que nos rexeremos.

1. Os nais e/ou pais, ao matricular aos nenos e/ou nenas neste centro, aceptan e comprométese a cumprir as normativas que se expoñen.
2. O responsable sanitario de cada neno/a é o/a Pediatra de cabeceira. A escola dispón dunha

asesoría pediátrica para solucionar as dúbidas ou cuestións de saúde que se presenten no propio centro ou en relación con este, desde o punto de vista da orientación fundamentalmente preventiva. Isto non implica que, en determinadas situacións, a través da persoa responsable do grupo, se poida consultar ao asesor ou asesora pediátrico da Escola.

3. Os pais e/ou as nais comprométese a facilitar os datos que se soliciten (historia clínica, carné de vacinas,...), os que se utilizarán exclusivamente con fins médicos.

4. Mentres acudan á Escola, os pais e/ou as nais comprométese a administrar ós seus fillos e fillas as doses de vacinas actualmente recomendadas.
5. Autorízase ao centro a practicar as revisións médicas rutinarias, para ben tanto do neno ou nena coma do resto das compañeiras e compañeiros. Cando se considere necesaria algunha exploración "non rutinaria", o Centro notificará aos pais e/ou nais, para que a tramiten a través do seu/súa Pediatra de cabeceira.
6. Autorízase ao centro a trasladar ao neno ou nena a un Servizo de Urgencias no caso de que se considere necesario. Neste e no anterior apartado, o Centro responsabilízase de comunicar de inmediato a continxencia ao pai e/ou nai.
7. Autorízase ao centro a administrar a medicación adecuada ante unha situación de urxencia (por exemplo, antitérmicos), comunicándose posteriormente aos pais e/ou nais.
8. As nais e/ou os pais comprométese a notificar as enfermidade que padecen os seus fillos/as, tanto se acoden á escola como se



están de baixa, cunha demora non superior a 24–48h. Isto é importantísimo en enfermidades contagiosas, incluso aínda que as padecan outros membros da familia (exemplo hepatitis, tuberculose,...)

9. No caso de que a nena ou neno enferme estando na Escola, os pais e/ou nais deben recollelo o antes posible, unha vez se lles notifique.
10. Os pais e /ou as nais comprométese a cumprir a normativa de exclusión de nenas e nenos enfermos que rexe no centro e que segue as recomendacións de diversas asociacións e

entidades científicas de rango nacional e internacional.

11. A Asesoría pediátrica dictamará en caso de dúbida as normas mínimas para cumprir en cada caso particular, baseándose en datos científicos e bibliográficos actualizados e aceptados, previa comunicación á familia do/a menor afectado/a.
12. Cando se solicite por parte do centro, os pais e/ou nais deberán facilitar un informe médico do especialista ou centro hospitalario ó que asistiu o neno ou nena, indicando o proceso que pasou ou que está a pasar.
13. As nais e/ou pais traerán á Escola o mínimo de medicacións posibles polo risco que implica telas e adminístralas no centro. En todo caso, as doses de primeiras horas da mañá e da tarde procurar dalas na casa.
14. Cando se teña que administrar algunha medicación, indícase por escrito o nome, horario e a dose exacta.
15. Esta normativa podería modificarse se estivese suficientemente xustificado e previa notificación das razóns.



Normativa médica de exclusión

Distinguiremos dúas situacións.

A primeira inclúe síntomas illados ou simultáneos e a segunda, enfermidades específicas.

Exclusión por síntomas

1. Temperatura elevada mantida (38° C rectal, ou máis)
2. Vómitos repetidos (dous ou máis)
3. Diarrea líquida (dous ou máis deposicións), sobre todo se estivese acompañada de febre.
4. Tose intensa, que impida a actividade normal.
5. Dificultade respiratoria.
6. Secreción purulenta nos ollos.
7. Dolor intenso, de calquera localización.
8. Erupción e coloración anormal da pel.
9. Coloración anormal dos ouriños.
10. Sempre que o/a neno/a, polo motivo que sexa, non poida seguir o desenvolvemento normal das catividades da Escola.

Exclusión por enfermidade

1. **Proceso catarral de vías altas.** Mentres dure a temperatura elevada e o malestar xeral do neno/a, que lle impida a actividade normal (un a dez días)
2. **Proceso catarral de vías baixas.** Igual e segundo o que dure a dificultade respiratoria (un a dez días).

3. **Varicela.** Ata o sétimo día dende o inicio da erupción (trece a dezaseis días)
4. **Rubéola.** Ata o quinto día dende o inicio da erupción. (catorce a vinteun días).
5. **Sarampelo.** Ata o quinto día dende o inicio da erupción (dez a catorce días).
6. **Megalooeritema epidémico.** Non é necesario aillamento (seis a catorce días).
7. **Síndrome boca-man-pé.** Ata estar sen elevación térmica (tres a cinco días).
8. **Exantema súbito.** Ata 24 horas despois de desaparecer a febre (cinco a quince días).
9. **Mononucleose infecciosa.** Non é necesaria a exclusión (trinta a cincuenta días).





- 10. Hepatite A.** Mentres dura a ictericia aproximadamente se esta non se presenta, uns sete a dez días (catorce a corenta días).
- 11. Hepatite B.** Non é necesaria a exclusión, a menos que presente lesións exudativas ou mostre un comportamento agresivo e mordada.
- 13. Hepatite C.** Igual que o anterior. Polo menos no que de momento se coñece.
- 14. Parotidite.** Ata desaparecer a tumefacción, é dicir, entre cinco e nove días (dúas a tres semanas).
- 15. Herpes simples.** Non é necesaria a exclusión a menos que presente lesións importantes, exudativas.
- 16. SIDA ou portadores de virus VIH.** Non é necesaria a exclusión a menos que presente lesións exudativas ou comportamento agresivo e mordada.
- 17. Gastroenterite vírica.** Ata a desaparición da elevación térmica e a mellaría das deposicións.
- 18. Amigdalita estreptocócica.** Ata levar 24 horas de tratamento intramuscular ou 48 horas de tratamento oral, sempre que non teña febre (un a tres días).
- 19. Escarlatina.** Igual ca anterior.
- 20. Impétigo.** Igual cas anteriores.
- 21. Otite media.** Ata que a dor de oído non lle impida desenvolver a súa actividade normal.
- 22. Conxuntivite.** Se é purulenta, ata levar 48 horas de tratamento (un a tres días).
- 23. Tosferina.** Ata levar sete días de tratamento (cinco a dez días).
- 24. Enfermidade por "Haemophilus influenzae".** Ata recuperar un estado xeral normal e recibir o tratamento específico (descolecido o período de incubación).
- 25. Enfermidades por meningococo.** Igual que a anterior (un a dez días).
- 26. Tuberculose.** Non é necesaria a exclusión (dúas a dez semanas).
- 27. Salmonelose.** Ata presentar dous ou tres cultivos de heces negativos, cun intervalo mínimo de 24 horas cada un levando 48 horas sen tratamento (Gastroenterite menos de 3 días; febre entérica de sete a catorce días).
- 28. Shigelose.** Igual ca anterior (un a sete días).
- 29. Campylobacter.** Ata ter un coprocultivo negativo, tras 48 horas sen tratamento (un a sete días).
- 30. Oxiuriase.** Ata 24 horas despois da primeira dose de medicación (catro a seis semanas).
- 31. Lambliaze.** Ata que ceda a diarrea, tras iniciar o tratamento (unha a catro semanas).
- 32. Escabiose (sarna).** Ata que leve 24 horas de tratamento (dous a catro semanas).



Persoal do centro



Directora
Cristina Abeal Pereira

Marina Ares Mato
Maria Candida Arias Vizoso
M^a Carmen Costa Buján
Olga González Fontán
Luz González Vázquez
M^a Inés Iglesias Saco
M^a José Juncal Villar
M^a Carmen Romero Gil
Virtudes Rial Míguez
M^a Honorinda Velasco Castiñeira

Persoal Cociña
Dolores Sanmartin Quintela
Dolores Valiñas Lopez

Persoal Administración
Raquel Martinez Quiles

Escola Infantil Breogán



escola
infantil

Escola Infantil Breogán

Campus Universitario Sur - CAMPUS VIDA

15782 Santiago de Compostela

Administración Correo electrónico: escola.infantil@usc.es

Dirección Correo electrónico: direibre@usc.es

Teléfono: 881 81114781 - Teléfono/Fax: 981 590 973



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES
E FORMACIÓN CONTINUA

